

O que se aveciña

David Rodríguez Rodríguez

VICENT MANCINI: You're a man of finance and politics,
things I don't understand.

DON LUCCHESI: You understand guns. Finance
is knowing when to pull the trigger.

(The Godfather III)

It's said human existence is pointless

As acts of rebellious solidarity

Can bring sense in this world

La Resistance! La Resistance!

(French Disko, Stereolab)

Lembrádesvos do *Ultimo tango a Parigi* de Bertolucci? En pleno clima cultural sesentaeoitista Paul, o *outsider* bohemio que interpretaba Marlon Brando, ensináballe á candorosa e optimista Maria Schneider (brutal penetración anal con manteiga mediante) a brutalidade que xeraba a organización da vida segundo os esquemas patriarcais. A insoportable opresión da familia. O seu lado escuro. «Santa familia!, Santa familia!» Lembrades? Era a lei do máis forte. Un resto feudal.

No *ancient regime* —isto explícao moi ben Antoni Domènech¹— a sociedade vivía acorde con dous grandes tipos de códigos. Por unha banda a *loi politique* que era a que regulaba a gran política entre os distintos reinos e entre os poderosos e pola outra a *loi de famille*, a lei infracivil que aplicaba o señor nas súas posesións (persoas incluídas). Despois estaba a *loi civile*, a lei que establecía a categoría do cidadán libre e igual, que foi precisamente a que elevou a revolución francesa por riba das demais e a que acabou por edulcorar o *termidor* e a posterior etapa napoleónica. Aquela concepción da *loi civile* termidoriá que diferenciaba entre unha cidadanía activa e propietaria e unha pasiva e pobre legaría aos tempos presentes a versión actual da sociedade civil de empresarios que a nosa dereita contemporánea acostuma reivindicar (pois é a única sociedade na que realmente cre) para se opor a toda tentativa de igualación social pola vía das políticas públicas.

Entón, a familia era a célula básica da organización social do antigo réxime. E mesmo a etimoloxía da propia palabra e a doutras do seu mesmo campo semántico fálanos, tal como nos di Domènech, do tipo de relacións viciadas que producía. Así, por exemplo, *famuli* era o nome que se lle daba en latín aos escravos e entre a palabra *domus*, casa, e a palabra dominación enxérgase, con transparencia, un pasado compartido. De aí tamén que toda resistencia a este poder patriarcal por parte dos servos se articulase arredor doutro termo do mesmo campo semántico: a fraternidade. O conxunto de irmáns, todos iguais entre eles e iguais na súa relación co amo ao que debían sometemento. «Que esa pretensión —escribe Domènech— se servise

¹ Domènech, A. *El eclipse de la fraternidad*. Barcelona: Crítica, 2004; p. 13.

dunha metáfora conceptual procedente do ámbito da vida familiar é cousa que non pode sorprenden.» E abofé que non, porque as metáforas son importantes.

Dicían George Lakoff e Mark Johnson, lingüista cognitivo e filósofo respectivamente: «Nós chegamos á conclusión de que a metáfora impregna a vida cotiá, non só a linguaxe, senón tamén o pensamento e a acción. O noso sistema conceptual ordinario, en termos do cal pensamos e actuamos é fundamentalmente de natureza metafórica.»²

Tamén Lakoff, no seu coñecido *Non penses nun elefante*³, explicaba como a mente humana está estruturada en función de dúas grandes figuras, el chámaloas «marcos», do campo semántico da familia: a do «pai protector», preponderante naqueles cun pensamento progresista e a do «pai estrito», máis propio dos de pensamento conservador. Falemos deste último.

Lebrádesvos da saga *The Godfather* dirixida por Francis Ford Coppola? Os tres filmes foron estreados entre a metade dos anos setenta e os finais dos oitenta, precisamente o período en que a Thatcher e Reagan —e as políticas económicas tipo *Chicago boys* que os acompañaban— estaban no poder nos seus respectivos países. Unha interpretación habitual do filme é a que ve nas andanzas daqueles mafiosos un trasunto do mundo dos negocios que, na época de crise do petróleo e contrarrevolución conservadora en que foi rodada, comezaba a despreparar sen complexos todo o seu poder tras décadas de respecto ao pacto asinado durante os chamados «Trinta Gloriosos» entre o mundo do traballo e o mundo do capital. Quen non

² Lakoff, George; Johnson, Mark: *Metáforas de la vida cotidiana*. Madrid: Cátedra, 2009; p. 39.

³ Lakoff, George: *No pienses en un elefante*. Madrid: Editorial Complutense, 2007; p. 39.

recorda a Marlon Brando no papel de Don Vito intercambiando, coma se dun señor feudal se tratase, favores no seu despacho? Era aquela unha realidade na que o privado e o público se confundían nun todo. Na que a voda dunha filla —a secuencia coral, maravillosamente rodada, do comezo do filme— era tamén o mellor escenario para establecer relacións clientelares e influencia. Aínda que a historia que contaba o primeiro dos filmes transcorrese nunha época pasada, non era casual que a metáfora conceptual da familia volveuse naqueles anos setenta a describir á perfección as inxustas relacións que reproducía no seu seo a organización da empresa capitalista; organización esta, cómpre dicilo, nunca democratizada.

Nunha realidade máis próxima a nós no tempo e no espazo, nun contexto económico de plena éxtase do evanescente capitalismo do tixolo, cando o Estado Español se aliñou (en realidade este aliñamento xa se producira cos gobernos do PSOE) coas políticas máis agresivas do neoliberalismo, cuns convidados procedentes da hampa charramangueira e nova-rica mantendo relacións clientelares co Partido Popular (a agora coñecida como trama Gürtel), a voda da filla de Aznar no Escorial (que apropiado nome visto o visto) non foi senón unha caricatura castiza do filme de Coppola.

Un dos maiores triunfos do aparato propagadístico neoliberal foi o que conseguiu vincular mercado e liberdade e, por extensión, mercado e democracia. Pero ao tempo que en nome da liberdade se ían desmontando os logros do Estado do benestar que as clases populares conseguiran arrancar ao capital tras a fin da Segunda Guerra Mundial, a propia sociedade que debía ser suxeito da tan cacarexada democracia transformábase nun agregado de consumidores endebedados, traballadores precarios e inmigrantes excluídos envoltos nunha lóxica hobbesiá individualista, competitiva e antisocial. Neste panorama de esfarelamento do colectivo e de desaparición

da esquerda organizada, nesta auténtica «eclipse da fraternidade», chegou a crise.

Lembrades *The take* de Avi Lewis e Naomi Klein? Na Arxentina do *corralito* no que as clases medias saían á rúa con potas e tixolas berrando *Que se vayan todos!* un grupo de traballadores comprende que democracia e capitalismo son incompatibles, esquécense dese señor feudal que nunca deixou de ser o empresario e tratan de pór a fábrica a andar por eles mesmos. A propia Naomi Klein lembraba hai pouco no seu blogue o berro de *All of them must go!*⁴ que inspirara o filme despois de ver a grupos de islandeses estafados polo seu sistema financeiro saíren ás rúas de Reiquiavik provistos de louza e indignación. A estampa recordáralle o lema que inventaran os arxentinos naquela crise que non foi senón unha das antesalas da que agora sufrimos en todo o planeta.

Xosé Manuel Beiras, nunha serie de artigos sobre a crise que está a publicar en prensa, aseguraba que o colapso na estrutura económica leva aparelladas cadansúas crises tanto na «superestrutura xurídico-política —marco legal e aparello de estado— canto na ideolóxica»⁵, e dicía coincidir coa opinión de Antoni Domènech de que estamos asistindo a unha re-feudalización da sociedade. En termos semellantes pronunciábase Daniel Bensaïd, finado recentemente: «Con esta confusión das categorías de soberanía, de pobo, de cidadán, é todo o aparato da gubernamentalidade clásica o que se esborroou sen que nada o substitúa. Esta deterioración ten como contrapartida a escandalosa prosperidade dos grupos de presión e das mafias.» [Novamente a mafia]. E concluía: «A crise da representación

⁴ <http://www.naomiklein.org/articles/2009/02/all-them-must-go>

⁵ <http://www.galiciahoxe.com/opinion/gh/encol-da-crise-diagnose-alternativas-ii/idEdicion-2010-04->

revela un terrible debilitamento da propia política.»⁶ Debilitamento que, se cadra, ten na Italia berlusconita de hogano, o mesmo que o tivo na Italia mussoliníá dos anos 20, o seu laboratorio.

Esta refeudalización ideolóxica e política pódese ilustrar cun par de exemplos concretos tirados do noso ámbito galego. Pensemos, logo, na agresión en toda regra que está sufrindo a nosa lingua e todos os que nela nos expresamos habitualmente. Por que este ataque ao galego en nome da liberdade? Obviamente, porque malia as varias décadas de autonomía, a nosa lingua segue a ser maioritaria, case que en exclusiva, entre as clases populares e, o máis importante, segue a ser maioritariamente percibida polo conxunto da xente coma un marcador negativo de clase. O ataque entón responde á necesidade que teñen certas elites de separárense da clase baixa a través dun mecanismo bourdieán de distinción. A que visión do mundo responden aqueles que protagonizan ese ataque? Para entender isto cómpre pensar ben sobre as reivindicacións destes novos señoritos herdeiros directos dos noutrora privilexiados polo franquismo. Que demandan? Que os pais (outra vez o ámbito da familia) decidan, que se fagan excepcións á lei civil en función da decisión no ámbito familiar. Que non se aplique a liberdade positiva dos dereitos senón a liberdade negativa dos que claman contra a intervención das institucións democráticas nos ámbitos de poder privados, sexan estes a familia ou a empresa. O que propugnan estas persoas, logo, é tirar a soberanía popular do parlamento e situala naqueles lugares (a escola privada é un deles) nos que os equilibrios de poder e influencia non se midan pola participación dos cidadáns en igualdade, senón segundo as regras neofeudais da *loi de famille*, das decisións privadas, das faccións privilexiadas, dos *lobbies* con capacidade de presión.

⁶ Bensaïd, D.: *Elogio de la política profana*, Península, 2009, 41-42.

Outro exemplo de noso: as recentes declaracións do empresario ourensán Adolfo Domínguez nas que propugnaba liberalizar o mercado de traballo ata o punto de legalizar o despedimento libre e nas que propuña reformar o sistema educativo e a sanidade xa que «un non ten dereitos que non pode pagar»⁷. As palabras de Domínguez non rebasarían a categoría de desvarío se non fose porque poden ser indicativas das posicións abertamente autoritarias cara ás que se podería mover o empresariado nas próximas décadas. A empresa privada sempre debeceu por entrar no negocio da sanidade e da educación. Que non fará agora que veñen de fracasar outros campos de negocio? Pensemos todo isto con detemento, onde nos conduciría aplicar a máxima do despedimento libre e da educación e a sanidade privadas? Ao modelo manchesterián de capitalismo que creou o inframundo dickensián das barriadas obreiras inglesas durante o século XIX. E a máxima de que un non ten dereitos que non pode pagar? Este é o cerne do asunto e o grande risco futuro: caer na impostura de que os dereitos deben pagarse lévanos, sen dúbida, ao modelo de democracia censitaria xurdida da separación termidoriá entre cidadáns activos e cidadáns pasivos. En boa lóxica, adoptar o criterio «tanto tes tanto podes» ha conducir —de feito isto xa é así para os milleiros de traballadores inmigrantes «ilegais»— á abolición do sufraxio universal.

Como ben di Armando Fernández Steinko, o sufraxio universal «só se asenta no mundo occidental como fenómeno estable e xeralizado despois do trauma de dúas guerras mundiais»⁸. A súa influencia é decisiva para que en Bretton Woods se acorde o que o mesmo

⁷ <http://www.xornal.com/artigo/2010/02/03/economia/non-ten-dereitos-non-pode-pagar/2010020323182900911.html>

⁸ Fernández Steinko, Armando. *Izquierda y republicanismo. El salto a la refundación*. Madrid: Akal, 2010; pp. 38-39.

Steinko denomina un «capitalismo domesticado», único xeito de que o capitalismo poida convivir, máis ou menos ben, coa democracia.

A consecuencia da actual crise económica a sociedade toda terá que se reorganizar. Fernández Steinko albisca de cara aos vindeiros anos o intre decisivo — como o foi o remate da Segunda Guerra Mundial — en que o mundo do traballo e o do capital deberán volver medir as súas forzas. O que de aí pode saír son basicamente dúas posibilidades: vitoria do mundo do traballo e superación da fase neoliberal ou vitoria do mundo do capital e recorte de liberdades. De vencer a primeira opción podería abrirse un novo período de capitalismo domesticado ou, se a correlación de forzas fose realmente favorable ás clases populares, a superación daquel sistema económico. De vencer a segunda opción é probable que a convulsión desta fin de século XX e principios do XXI que asistiu a guerras en Iugoslavia, no Golfo Pérsico e en Afganistán, que presenciou o derrubamento das Torres Xemelgas e a creación da base de Guantánamo, que asistiu ao golpe de estado en Honduras, que non só non foi quen de arranxar vellos conflitos como o de Palestina senón que mesmo viu como este adquiría en Gaza a fasquía dun réxime fascista, que forzou unha segunda votación en Eire co gallo do referendo sobre o neoliberal Tratado de Lisboa, que presenciou o aumento das desigualdades en toda a parte e que levantou valados segregadores entre o norte e o sur e entre ricos e pobres ata transformar todo un planeta — que amosa xa claros signos de esgotamento dos seus recursos enerxéticos — nun *apartheid* de facto; de vencer esta opción, digo, todo o visto ata o de agora podería non ter sido máis ca un sinxelo entremés.

Para encarar o que se nos vén enriba semella vital recuperar o sentido profundo do concepto de cidadanía — a potente metáfora do irmanamento —, de participación e de cooperación e comezar a tecer con paciencia unha rede organizativa o suficientemente forte como

para sortear a ubicua manipulación duns medios de comunicación alleos ao control democrático. Tamén parece urxente recuperar as institucións para os máis e, sobre todo, politizar a economía. Comprobarmos impasibles como as clases populares son afastadas aínda máis dos grandes centros de poder —poñamos por caso a UE— que toman as decisións que nos afectan a todos é ben perigoso. O capitalismo ceibo das ataduras democráticas é unha besta impredecible. O seu comportamento responde á lóxica do estado de excepción permanente e o seu paradigma —as metáforas son importantes, aínda que espanten— non é outro que o do campo de traballo: Auschwitz.

Lembrádesvos de *Triumph des willens* de Leni Riefenstahl?
Eu si, pero preferiría non facelo. O que recordo dela mete medo.